



SUXEITO PASIVO (2)

Espacio reservado para a etiqueta identificativa (se non dispón de dita etiqueta, consigne os seus datos en este apartado e xunte fotocopia do documento acreditativo do NIF o, no seu defecto, do DNI)

Espacio reservado para a numeración por código de barras

MEDIO DE TRANSPORTE (3)

- Vehículo
- Embarcación
- Aeronave

DEVENGO (4)

día	mes	ano

NIF/DNI	Apellidos e nome ou razón social			
Rúa/Praza/Avda.	N.º	Esc.	Andar	Porta
Concello	Provincia	Código Postal	Teléfono	

TRANSMITENTE (5)

NIF/DNI	Apellidos e nome ou razón social			
Rúa/Praza/Avda.	N.º	Esc.	Andar	Porta
Concello	Provincia	Código Postal	Teléfono	

ETIQUETA IDENTIFICATIVA

DATOS IDENTIFICATIVOS DO MEDIO DE TRANSPORTE

Ano de fabricación (6):	Data de matriculación (7):	Número de matrícula (8):		
Fabricante-Marca:		Modelo-Tipo:		
Potencia Fiscal (CVf):	Motor gasolina: <input type="checkbox"/>	Cilindrada (c.c.):	N.º Bastidor:	
	Motor diesel: <input type="checkbox"/>			
Fabricante-Importador:		Modelo:	Eslora total (mt):	
Manga (mt):	Vela (m²):	Motor N x CV:	Ano de fabricación:	Motor gasolina: <input type="checkbox"/>
				Motor diesel: <input type="checkbox"/>
Marca-Constructor:	Modelo-Tipo:	Peso máximo despegue (Kg):		
N.º motores:	Marca motor:	Potencia motor (CV):		

AUTOLIQUIDACIÓN

(12) EXENTO NON SUXEITO FUNDAMENTO DO BENEFICIO FISCAL OU NON SUXEICIÓN (13): _____

(14) LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA

DATOS DA PRIMEIRA LIQUIDACIÓN:		Base imponible	1	
Número:		Tipo de gravamen	2	%
Data de presentación:		Cota tributaria	3	
Importe ingresado:		TOTAL A INGRESAR	4	
		IMPORTE INGRESADO	5	
			I	

PRESENTADOR DO DOCUMENTO (15)

NIF/DNI	Apellidos e nome				Teléfono
Rúa/Praza/Avda.	N.º	Esc.	Andar	Porta	
Concello	Provincia	Código Postal	FAX		

ETIQUETA IDENTIFICATIVA

SINATURA DO SUXEITO PASIVO OU PRESENTADOR

_____ , _____ de _____ de 20 _____

INGRESO

SELO: DATA: NÚMERO: IMPORTE:

Este documento non será válido sin a certificación mecánica ou, no seu defecto, firma autorizada

INSTRUCCIÓN



IMPOSTO SOBRE TRANSMISSIONS
PATRIMONIAIS E ACTOS XURIDICOS
DOCUMENTADOS
TRANSMISION DE DETERMINADOS MEDIOS
DE TRANSPORTE USADOS

Modelo
620
EUROS

I. CUESTIÓNS XERAIS

¿CÁNDO SE UTILIZARÁ O MODELO 620?

O presente impreso, modelo 620, será de uso para tódalas autoliquidacións que se realicen pola transmisión de vehículos, barcos ou aeronaves usados.

Usarase un só impreso por cada medio de transporte transmitido.

UTILIZACIÓN DO MODELO 620 EN EUROS

Tódalas cantidades expresables en unidades monetarias deberán indicarse en euros, consignando na parte esquerda dos recadros a parte enteira e na dereita a parte decimal, redondeándose por exceso ou por defecto ó céntimo máis próximo.

Para a conversión de pesetas a euros tomarase o importe monetario en pesetas e aplicaráselle o tipo de conversión. A contía resultante deberá redondearse por exceso ou por defecto ó céntimo máis próximo. No caso de que ó aplicar o tipo de conversión obteña unha cantidade da que a última cifra sexa exactamente a metade dun céntimo, o redondeo efectuarase á cifra superior.

O tipo de conversión da peseta ó euro quedou fixado irrevogablemente en 166,386 pesetas.

Exemplo de conversión de pesetas a euros:

- E1. Importe que se vai converter: 1.584.000 pesetas.
1. Aplicación do tipo de conversión: $\frac{1.584.000 \text{ pesetas}}{166,386 \text{ pesetas}} = 9.520,031733 \text{ euros.}$
2. Redondeo ó céntimo máis próximo: 9.520,03 euros.
- E2. Importe que se vai converter: 3.450.000 pesetas.
1. Aplicación do tipo de conversión: $\frac{3.450.000 \text{ pesetas}}{166,386 \text{ pesetas}} = 20.734,9176 \text{ euros.}$
2. Redondeo ó céntimo máis próximo: 20.734,92 euros.

INGRESO E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ESIXIDA

Os suxeitos pasivos deberán ingresa-lo importe da declaración-liquidación nas entidades de depósito que prestan o servizo de caixa na Delegación Territorial da Consellería de Economía e Facenda (as delegacións están situadas na Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra) competente (ver o epígrafe LUGAR DE PRESENTACIÓN). Ingresado o importe da autoliquidación, esta presentarase na oficina xestora xunto co orixinal e copia simple do documento no que conste ou se relacione o acto ou contrato que orixine o tributo, así como do permiso de circulación e a ficha técnica cando se trate de vehículos usados. Tratándose de embarcacións ou aeronaves usadas, deberán achegar, xunto co documento orixinal e a súa copia, as follas de características técnicas destas.

Nos supostos nos que a operación, acto ou contrato, estea exenta, non suxeita ou teña algún beneficio fiscal, deberá cubri-lo impreso, incluídos os recadros (3), (6), (7), (8), (9), (10), (11), (12) y (13). Tanto nos supostos de exención coma de non suxeición ó imposto, este modelo, debidamente cuberto, presentarase, xunto co documento orixinal e a súa copia e os demais xustificantes indicados no parágrafo anterior, na oficina xestora competente, para os efectos previstos no artigo 107 do regulamento do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto 828/1995, do 29 de maio (*Boletín Oficial del Estado* do 22 de xuño).

LUGAR DE PRESENTACIÓN DO MODELO 620

A declaración-liquidación presentarase na oficina competente da comunidade autónoma (ou delegación da AEAT no caso de Ceuta e Melilla) á que corresponda o rendemento segundo as seguintes regras:

- a) Cando o acto ou documento comprenda a transmisión de vehículos usados, na Comunidade Autónoma onde o adquirente teña a súa residencia habitual se é persoa física ou o seu domicilio fiscal se é persoa xurídica.
- b) Cando comprenda a transmisión de buques ou aeronaves, na comunidade autónoma no que a circunscrición radique o rexistro no que tales actos deban ser inscritos.

Se nun mesmo documento se conteñen actos ou contratos nos que o rendemento, segundo as regras anteriores, se considere producido en comunidades autónomas diferentes, procederá a presentación de declaración-liquidación na oficina competente de cada unha delas, se ben a autoliquidación que se formule só se referirá ó rendemento producido no seu respectivo territorio.

Non obstante, en canto a Lei 17/1996, do 30 de decembro, de cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas e de medidas fiscais complementarias (*Boletín Oficial del Estado* do 31 de decembro), non sexa aplicable nas Comunidades Autónomas de Andalucía, Castilla-La Mancha e Extremadura, cando de acordo cos criterios que se establecen no artigo 6 da Lei 30/1983, do 28 de decembro, de cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas (*Boletín Oficial del Estado* do 29 de decembro), o rendemento do imposto se considere producido nalgunha das devanditas comunidades autónomas, aplicaranse as regras anteriores en tanto non contradigan as contidas nos artigos 103 e 104 do Real decreto 828/1995, do 29 de maio, polo que se aproba o regulamento do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Nestes supostos as regras aplicables son as seguintes:

- a) Cando comprenda exclusivamente transmisións de vehículos usados e existen diversos adquirentes con distinta residencia ou domicilio, onde a

teña o adquirente dos de maior valor, segundo as regras do imposto sobre o patrimonio.

b) Cando se refira a varios buques ou aeronaves usados inscribibles nos rexistros diferentes, presentarase onde deban inscribirse os de maior valor, aplicando as regras do imposto sobre o patrimonio.

c) Cando con relación a un documento xa presentado na oficina competente teña que realizar outras presentacións posteriores, deberán efectuarse nesta.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo para a presentación das declaracións-liquidacións, xunto cos documentos, será de 30 días hábiles seguintes a aquel no que se realizara o contrato de compra-venda.

II. NORMAS PARA CUBRI-LO MODELO

Cúbrase a máquina ou utilizando bolígrafo, sobre superficie dura e con letras maiúsculas.

- (1) Consigne a delegación da Consellería de Economía e Facenda, así como o seu código, no que se presente o documento.
- (2) Suxeito pasivo. Se dispón de etiquetas identificativas adhira unha no espazo reservado para o efecto en cada un dos exemplares. Se non dispón de etiquetas, cubra os datos de identificación do suxeito pasivo e xunte fotocopia do NIF ou do DNI.
Será suxeito pasivo nas transmisións de bens o que os adquire.
- (3) Marque cun «X» o recadro que corresponda ó medio de transporte usado, obxecto da transmisión.
- (4) Consignarase a data de transmisión do medio de transporte usado. A devandita data será a do día no que se realice o acto ou contrato gravado.
Para iso, utilizaranse dous díxitos para o día, dous para o mes e os catro últimos para o ano.
- (5) Transmitente. Se dispón de etiquetas identificativas adhira unha no espazo reservado para o efecto en cada un dos exemplares. Se non dispón de etiquetas cubra os datos de identificación do transmitente e xunte fotocopia do NIF ou do DNI.
- (6), (7) e (8) Cubra os datos relativos a «Ano de fabricación», «Data de matriculación» e «Número de matrícula».

Dos puntos (9), (10) y (11) seguintes cubra exclusivamente o que corresponda ó tipo de medio de transporte obxecto da transmisión.

- (9) Características técnicas do vehículo.
Cubra os datos solicitados neste punto cando se trate de compra-venda dun vehículo usado.
A potencia fiscal indícarase con dous decimais.
Marque cun «X» a opción que corresponda, segundo se trate de motor de gasolina ou diesel.
(Estes datos están recollidos no permiso de circulación e na ficha técnica do vehículo).
- (10) Características técnicas da embarcación.
Cubra os datos solicitados neste punto cando se trate de compra-venda dunha embarcación usada.
(Estes datos están recollidos na folla de características da embarcación).
- (11) Características técnicas da aeronave.
Cubra os datos solicitados neste punto cando se trate de compra-venda dunha aeronave usada.
(Estes datos figuran nas follas de características da aeronave).

LIQUIDACIÓN

- (12) Marque cun «X» o recadro de «EXENTO» ou «NON SUXEITO» que, de se-lo caso, proceda.
- (13) Indique en que punto e subpunto do artigo 45 do Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, polo que se aproba a Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (*Boletín Oficial del Estado* do 20 de outubro) se fundamenta o beneficio fiscal da exención ou non suxeición. Cando o devandito beneficio fiscal estea fundamentado en calquera outra norma, especifique esta así como o precepto concreto no que se encontra recollido.
- (14) Se a liquidación é complementaria doutra xa presentada deberá marcar cun «X» o recadro correspondente e indicar o número da primeira liquidación, a data da súa presentación e o importe ingresado.
 - [1] Consignarase o valor real do medio de transporte. Potestativamente, poderase facer constar neste recadro o resultado de aplicar ó prezo medio de venda do medio de transporte a porcentaxe de deducción en función dos anos de utilización deste, ou o valor que figure no contrato, sen prexuízo da posterior comprobación da Administración.
Tanto o prezo medio de venda coma a porcentaxe de deducción encontraránse recollidos na orde ministerial que, con periodicidade anual, publica o Ministerio de Facenda, que pode ser consultada nas oficinas xestoras e na páxina web da Consellería de Economía e Facenda (www.xunta.es).
A Administración poderá comproba-lo valor dos vehículos transmitidos pola taxación pericial contradictoria, que poderá promoverse, en todo caso, polo suxeito pasivo para corrixi-la comprobación de valores resultante da aplicación dos prezos medios de venda e porcentaxes de deducción.
 - [2] Consigna-lo tipo de gravame vixente.
 - [3] Consignarase o resultado de aplica-lo tipo indicado no recadro [2] ó importe do recadro [1].
 - [4] Recadro dispoñible. Se a declaración que está cubrindo é complementaria doutra, indícarase no recadro [4] o importe ingresado na 1.ª declaración e diante desta «1.ª declaración». Tamén se poderá consignar nela a recarga que se prevé no artigo 61.3 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria (*Boletín Oficial del Estado* do 31 de decembro), para o caso de declaración extemporánea ou os xuros de demora.
 - [5] Total a ingresar. Consígnese o indicado no recadro [3], agás que se utilizara o recadro [4], neste caso expresarase o resultado de sumar ou restar, segundo proceda, ó importe daquela o destas.
- [] Importe ingresado. Consignarase o importe efectivamente ingresado.
- (15) Presentador do documento. Se dispón de etiquetas identificativas adhira unha no espazo reservado para o efecto para cada uns dos exemplares. Se non dispón de etiquetas, cubra os datos de identificación do presentador e xunte fotocopia do NIF ou do DNI.

DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS E RECTIFICACIÓN DE AUTOLIQUIDACIÓNS

Consonte co establecido no artigo 8 e na disposición adicional terceira do Real decreto 1163/1990, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para a realización de devolucións de ingresos indebidos de natureza tributaria (*Boletín Oficial del Estado* do 25 de setembro), cando un obrigado tributario entenda que unha declaración-liquidación ou autoliquidación formulada por el deu lugar á realización dun ingreso indebido, ou prexudicou de calquera modo os seus intereses lexítimos, poderá insta-la restitución do indebidamente ingresado, ou a rectificación da autoliquidación, respectivamente, ante o órgano definido no epígrafe LUGAR DE PRESENTACIÓN. As solicitudes poderán facerse unha vez presentada a correspondente autoliquidación e antes de ter practicado a Administración a liquidación definitiva ou, no seu defecto, de ter prescrito o dereito da Administración para determina-la débeda tributaria mediante a oportuna liquidación como, de se-lo caso, o dereito á devolución do ingreso indebido.

SUXEITO PASIVO (1)

Espacio reservado para etiqueta identificativa
(No caso de que non dispoña de etiqueta cumprimente os datos solicitados)

NIF	APELIDOS E NOME	
DOMICILIO FISCAL	RUA O PRAZA	NÚMERO
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA
 Dirección Xeral de Tributos

MODELO 620 €

IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS

COMPRA-VENDA DE DETERMINADOS MEDIOS DE TRANSPORTE USADO ENTRE PARTICULARES

DELEGACIÓN DA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

--	--	--	--	--

OFICINA LIQUIDADORA DE DISTRITO HIPOTECARIO

--	--	--	--	--

NON SE ESQUEZA DE INCLUI-LA SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- a) Fotocopia do NIF do suxeito pasivo e transmitente (no seu defecto do DNI).
- b) Copia auténtica do documento notarial, xudicial ou administrativo no que conste o acto ou contrato gravado e copia simple deste. No caso de que se trate de documentos privados, estes presentaranse por duplicado (orixinal e copia).
- c) Modelo 620.
- d) Fotocopia do permiso de circulación e da ficha técnica.